DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 108 Mércores, 10 de xuño de 2015 Páx. 22595

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*ORDE do 2 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións plurianuais a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2015 e 2016 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo).*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27, puntos 23 e 24, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social e en promoción do desenvolvemento comunitario, respectivamente.

En virtude deste título competencial aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de benestar.

Posteriormente a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, avanzando no enfoque da inclusión social activa, deseñou un sistema que integra as prestacións económicas de activación/inserción vinculadas a proxectos personalizados de carácter social e formativo.

Este enfoque da inclusión social activa, recollido na Estratexia para a Inclusión Social de Galicia 2014-2020, está consolidado como unha das prioridades da Unión Europea e dos Estados membros e é prioritario para os fondos estruturais. Neste sentido, o artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1081/2006 do Consello, establece que o Fondo Social Europeo apoiará, como prioridade de investimento, en relación ao obxectivo temático «promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación», a inclusión social activa, con vistas a promover a igualdade de oportunidades, a participación activa e a mellora da posibilidade de atopar un emprego.

Un dos tres piares nos que se basea a inclusión social activa é o acceso a uns servizos de calidade, o que implica no ámbito dos servizos sociais, a complementariedade entre os diversos axentes que operan no territorio e a importancia de complementar a acción pública coa execución de accións e proxectos por parte das entidades de iniciativa social debidamente autorizadas. Neste sentido, a Consellería de Traballo e Benestar, como órgano que ten asumidas as competencias da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais,

incluíndo as políticas de inclusión social, servizos comunitarios e inmigración en virtude do Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, considera adecuado fomentar o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade e aumentar a súa capacidade de acción para loitar contra a exclusión social. Para este fin responde esta convocatoria, onde se establecen subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social para a prestación de servizos sociais no ámbito dos servizos sociais comunitarios e da inclusión social, incluíndo aqueles específicos en favor da poboación inmigrante, pois estas institucións, ao traballaren directa e continuadamente coas persoas e familias afectadas por factores de exclusión social, coñecen de primeira man as súas necesidades, características e posibilidades, así como os instrumentos máis eficaces para potenciar as súas capacidades e promover a súa participación social e o seu acceso ao mundo laboral.

Baixo esta perspectiva, a orde regula varios tipos de axudas, en primeiro lugar, aquelas dirixidas á cobertura de necesidades básicas como o aloxamento e manutención, as cales constitúen, en moitos casos, un primeiro nivel de atención que brinda ás persoas usuarias o acceso ao resto dos recursos dispoñibles.

No resto de tipoloxías de axudas, a subvención vai dirixida á promoción de actuacións e á formulación e desenvolvemento de programas dirixidos a complementar, ampliar ou innovar a actuación dos servizos sociais comunitarios, tanto mediante o impulso da especificidade na atención de persoas ou territorios con características singulares, como mediante o complemento da acción que estes levan a cabo.

Así, en consonancia coas previsións recollidas na Lei 10/2013, do 27 de novembro, e na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020, dáse unha énfase especial aos procesos vinculados á inclusión social das persoas usuarias dos servizos, establecendo unha liña de axudas destinada ao desenvolvemento de accións de capacitación persoal para a mellora da empregabilidade das persoas en situación ou risco de exclusión social así como ao traballo de acompañamento social e ao apoio preciso para facilitar a participación das persoas destinatarias nos proxectos de inclusión sociolaboral. As actividades financiadas neste caso terán como obxectivo o apoio ou reforzo ás persoas que, polo distanciamento dos seus vínculos persoais co contorno social ou a súa condición de inmigrante, precisan dun acompañamento técnico que facilite e/ou posibilite a súa inclusión social e laboral e terán por obxecto, tanto a adquisición de habilidades e destrezas coma a formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás súas necesidades, como a preparación para a avaliación das competencias clave exixibles para o acceso normalizado á formación e cualificación profesional. Igualmente, serán obxecto de financiamento as actuacións de dinamización en

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

territorios en exclusión severa que teñan como obxectivo o intercambio de experiencias, vivencias, aprendizaxes e problemáticas comúns e as súas posibles solucións.

Esta orde de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, enmárcase no P.O FSE Galicia para o período 2014-2020, e malia que comeza con anterioridade á aprobación do Programa operativo, dáse debido cumprimento á normativa aplicable, de conformidade co disposto no artigo 125.3.e) do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nnúm. 1083/2006 do Consello.

Segundo o establecido no artigo 14 do Regulamento (UE) núm.1304/2013, as subvencións e a asistencia reembolsable que se beneficien dunha axuda pública non superior a 50.000 € adoptarán a forma de baremos estándar de custos unitarios, de importes a tanto alzado ou de financiamento a tipo fixo. Por este motivo incorpórase nesta convocatoria o establecemento de métodos de custo simplificados.

Na súa virtude e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, polo Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e polo Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento de subvencións ás entidades de iniciativa social que, de conformidade coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, levan a cabo a atención ás persoas nos centros de inclusión e emerxencia social e desenvol-

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

ven programas e/ou prestan servizos na área de actuación dos servizos sociais comunitarios, de inclusión e, especificamente, da inclusión social e laboral da poboación inmigrante.

2. Quedan fóra do obxecto das subvencións reguladas na presente orde as actividades e proxectos que teñan principalmente os seguintes contidos:

a) Promoción da saúde pública, asesoramento sobre enfermidades crónicas, divulgación das características e efectos dunha determinada enfermidade ou outras problemáticas de índole sanitaria, salvo as dirixidas á prevención das discapacidades, especialmente, enfermidade celíaca e fenilcetonuria. Estas actividades e proxectos deberán, en todo caso, establecer criterios de progresividade social na atención ás persoas e familias.

b) Realización de actividades lúdicas, culturais, de lecer ou recreo.

3. Non serán prioritarias, para os efectos previstos nesta orde, aquelas actividades ou proxectos susceptibles de acceder a outras liñas de colaboración financeira específicas promovidas por outros centros directivos da Xunta de Galicia.

Artigo 2. *Financiamento*

1. Ás subvencións obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de cinco millóns douscentos trinta e seis mil seiscentos noventa e seis euros (5.236.696,00 €), distribuído en dúas anualidades e que se imputarán ás aplicacións orzamentarias que se indican:

| Aplicación | Importe 2015 | Importe 2016 | Importe total |
|---|---|---|---|
| 11.05.312A.481.3 | 1.968.675,00 € | 666.666,00 € | 2.635.341,00 € |
| 11.05.313C.481.6 | 1.743.349,00 € | 581.116,00 € | 2.324.465,00 € |
| 11.05.312C.481.0 | 207.668,00 € | 69.222,00 € | 276.890,00 € |
| Total | 3.919.692,00 € | 1.317.004,00 € | 5.236.696,00 € |

As partidas 11.05.313C.481.6 e 11.05.312C.481.0 destinaranse ao financiamento das actuacións establecidas no artigo 4.1.b) 2º e 3º e poderán estar cofinanciadas ao 80 % con fondos FSE no programa operativo de Galicia 2014-2020, obxectivo temático 9 «promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación».

Da partida 11.05.312A.481.3 destinarase un importe global máximo de 2.000.000 €, 1.466.663 € con cargo ao exercicio 2015 e 533.337 € con cargo ao exercicio 2016, para subvencionar o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

2. De acordo co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas na presente orde as entidades de iniciativa social ás que se refire o artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, sempre e cando reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

b) Carecer de ánimo de lucro. Non obstará para a consideración de carencia de ánimo de lucro o feito de que as ditas entidades perciban contraprestación das persoas usuarias, sempre e cando da análise das súas contas anuais se deduza a non obtención de beneficio.

c) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.

d) Non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estaren incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable da persoa representante da entidade.

e) Dedicarse, con carácter preferente en concordancia cos seus estatutos, á realización de actuacións recollidas no artigo 1.

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución do programa subvencionado.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

2. No suposto de solicitar a subvención para a atención de persoas en centros, ademais do disposto no punto anterior, a entidade deberá contar coa autorización para o inicio de actividades prevista no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia.

No momento da solicitude será suficiente con presentar unha copia da solicitude do permiso de inicio de actividades na que conste o rexistro de entrada.

A comisión de valoración verificará que as entidades solicitantes teñen concedido o mencionado permiso con anterioridade á notificación da resolución da subvención que corresponda.

Artigo 4. *Accións subvencionables*

1. Serán subvencionables as seguintes actuacións:

a) Funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social.

Inclúese neste tipo o funcionamento daqueles centros que complementen os ámbitos de intervención social do Sistema Galego de Servizos Sociais neste nivel de atención, os cales se especifican no artigo 3 da Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, e que corresponden ás seguintes tipoloxías:

Albergues.

Centros de acollida.

Comedores sociais.

Centros de atención social continuada.

Centros de día e inclusión social.

b) Actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun programa de carácter innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios básicos ou atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social, incluíndo aquela dirixida de xeito exclusivo á poboación inmigrante.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

b) 1º Actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios básicos:

Inclúese neste tipo o desenvolvemento de actuacións deseñadas para complementar, ampliar ou innovar os programas e servizos sociais comunitarios básicos seguintes:

Servizo de axuda no fogar.

Programa de fomento da cooperación e solidariedade social.

Programa de convivencia alternativa.

Programas informativos orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares na procura da súa normalización e reincorporación social para favorecer o mantemento dos seus vínculos familiares e a súa autonomía e calidade de vida.

Calquera outro referido ao obxecto deste nivel de atención, segundo se recolle nos artigos 9 a 13, ambos inclusive, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Terán esta consideración, entre outros, os programas integrais de base comunitaria en zonas rurais que favorezan a inclusión social e laboral de persoas novas, mulleres e grupos con dificultades de inclusión, así como os programas integrais de base comunitaria en barrios urbanos que desenvolvan accións preventivas, de intervención, seguimento e titorización para persoas en situación ou risco de exclusión social, sempre que non poidan ser incluídos nalgunha das epígrafes establecidas no punto b) 2º.

Todas as actuacións recollidas neste punto para seren subvencionables axustaranse ao previsto nos artigos 9 a 13, ambos inclusive, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e no Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

b) 2º Atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social:

1ª Atención desenvolvida a través de itinerarios de inclusión sociolaboral con acompañamento. Esta atención comprenderá tanto actuacións coa persoa usuaria, como a valoración social individual, deseño dun itinerario, seguimento, revisión dos obxectivos ou actuacións, medidas de acompañamento, accións de mellora de habilidades sociais básicas ou para a búsqueda de emprego, mediación intercultural ou orientación social e laboral, como aquelas

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

outras actuacións para as que non é precisa a presencia da persoa pero que son necesarias para a consecución dos obxectivos do seu proxecto de inclusión, tales como a prospección do mercado laboral, a intermediación laboral activa e/ou a coordinación con outros dispositivos.

2ª Actuacións de adquisición e mellora das competencias sociais e profesionais, deseñadas para adquirir unha formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás necesidades das persoas en situación de exclusión social.

3ª Actuacións de apoio á conciliación, que consistirán na posta á disposición de servizos de atención persoal e/ou familiar, no fogar ou nun recurso comunitario, dirixidos a facilitar a participación das persoas nas accións comprendidas nos seus proxectos de inclusión sociolaboral ou en formación complementaria.

4ª Actuacións en territorios en exclusión severa, que aproveiten espazos de dinamización comunitaria ou de interrelación xeracional e teñan por finalidade tanto compartir experiencias, vivencias e aprendizaxes, como debater problemáticas comúns e as súas posibles solucións, sempre que exixan a presenza e dedicación de persoal dinamizador. Para os efectos da presente orde, entenderase que un territorio sofre exclusión severa cando a súa dispersión, recente perda de poboación e/ou dificultades de comunicación por estrada impidan ou dificulten de xeito importante o desenvolvemento destes espazos de comunicación. Para os efectos de valorar a dispersión, perda de poboación ou dificultade de transporte por estrada, a comisión de valoración empregará indicadores de estatísticas oficiais que poderá complementar con outros deseñados por axentes ou institucións especializadas.

Serán persoas beneficiarias dos programas ou actuacións que se subvencionen neste punto as perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia, as persoas en situación ou risco de exclusión derivadas da rede de equipos de inclusión sociolaboral, e, en xeral, as afectadas por factores de exclusión social. Para a consideración destes factores, haberá que aterse establecido nos artigos 3.1. e 3.3. da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Así mesmo e, en aplicación do artigo 56.5 da citada lei, no caso de unidades de convivencia con varias persoas en condicións de participar nun proxecto de inclusión sociolaboral estableceranse medidas personalizadas para cada unha delas. Na ficha de descrición da actuación (anexo V) deberán quedar reflectidos os criterios de selección das persoas destinatarias e o seu perfil.

b) 3º Atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo da poboación inmigrante:

Inclúense neste punto as actuacións que se sinalan no punto b) 2º adaptadas ás necesidades específicas destas persoas, podendo incluír actuacións de formación lingüística,

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

introdución ao funcionamento e características da sociedade de acollida, formación no coñecemento e respecto dos valores constitucionais, estatutarios e da Unión Europea, dos dereitos humanos e liberdades públicas, de tolerancia e igualdade entre homes e mulleres, e calquera outra formación que resulte necesaria para a atención das súas necesidades específicas.

Serán persoas beneficiarias dos programas ou actuacións subvencionadas neste punto as persoas inmigrantes que acrediten documentalmente tal condición ou a súa orixe estranxeira e se atopen en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, de acordo co establecido nos artigos 3.1 e 3.3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Na ficha de descrición da actuación (anexo V) deberán quedar reflectidos os criterios de selección das persoas participantes e o seu perfil.

O número de actuacións para as cales se poderá solicitar subvención será como máximo de catro e deberá indicarse a súa orde de prioridade. A restrición anterior non será aplicable a aquelas acccións que teñan inequivocamente un contido formativo concreto e totalmente diferenciado.

3. Todas as accións comprendidas nos puntos b) 2º e b) 3º serán deseñadas, desenvoltas e avaliadas incorporando a perspectiva de xénero, o cal significa que se estudará en que medida a variable xénero inflúe nos procesos de exclusión e se terán en conta as diferentes circunstancias, expectativas e necesidades que teñen os homes e as mulleres ás que se dirixen polo mero feito de ser home ou muller.

Artigo 5. *Gastos subvencionables*

Serán gastos subvencionables os derivados da realización das actuacións recollidas no artigo 4 que a seguir se relacionan:

1. Gastos directos: terán esta consideración os que a continuación se relacionan sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e que, polo tanto, se refiran inequivocamente a ela:

a) Gastos de persoal:

1º Persoal propio da entidade: serán subvencionables as retribucións totais correspondentes á execución do programa, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social e a



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda. A identificación da actuación que se subvenciona deberá constar no contrato de traballo ou nunha previa asignación de funcións directas, tanto no caso de que a xornada de traballo estea integramente destinada á execución da dita actuación coma no caso de dedicación parcial.

2º Traballadores/as por conta propia con contrato para a realización de actividades de formación.

b) Axudas de custo e gastos de viaxe, que se rexerán na súa contía pola normativa establecida nos convenios colectivos aplicables.

c) Gastos por seguros de accidentes do alumnado e os destinados a cubrir continxencias de risco derivadas da actividade subvencionada.

d) Bolsas por asistencia a acción formativas que non sexan percibidas por persoas titulares dunha renda de inclusión social de Galicia que inclúa ese complemento. Esta restrición non será aplicable ás persoas que formen parte da unidade de convivencia da persoa titular da dita renda.

e) Axudas por desprazamento para participantes en accións de formación teórica adaptada dirixida á adquisición do permiso de condución tipo B ou C.

2. Gastos de carácter indirecto: terán a dita consideración os que a continuación se relacionan sempre que non se correspondan en exclusiva á operación subvencionada por ter carácter estrutural pero resulten necesarios para a súa realización:

a) Gastos de persoal.

b) Gastos en material funxible.

c) Gastos de aluguer e mantemento das instalacións (luz, auga, calefacción, teléfono, limpeza e seguridade).

3. En todo caso, as actuacións establecidas no artigo 4.1.b) 2º e 3º deberán cumprir as normas establecidas no Regulamento UE 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello, no Regulamento UE 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1081/2006, do Consello e nas normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2014-2020.

4. O período de referencia para a imputación dos gastos relativos a todas as axudas reguladas na presente orde será do 1 de xaneiro de 2015 ao 31 de marzo de 2016.

5. Para os efectos destas axudas non se considera subvencionable ningún tipo de taxa, tributo ou imposto, agás o imposto sobre o valor engadido non susceptible de repercusión ou compensación.

6. As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Consellería de Traballo e Benestar por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades solicitantes.

7. Para os efectos da presente orde, non está permitida a subcontratación dos gastos subvencionables. Non obstante o anterior, non se considerarán como gastos subcontratados aqueles nos cales teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actuación subvencionada, tales como a contratación de persoal monitor, alugamento de instalacións para a realización das actuacións e/ou gastos de subministracións relacionados con elas, sempre que non sexan provistos pola mesma persoa física ou xurídica.

Non obstante o anterior, cando, de acordo co artigo 29.3. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe de cada un destes gastos supere os 9.000 €, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes empresas provedoras, con carácter previo á contracción do compromiso para prestación do servizo, agás no caso de que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número delas ou que os gastos se realizasen con anterioridade á solicitude da subvención.

Artigo 6. *Compatibilidade das axudas*

1. A percepción de axudas para actuacións recollidas no artigo 4.1.a) e 4.1.b) 1º é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado. As subvencións

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

para actuacións recollidas no artigo 4.1.b) 2º e 4.1.b) 3º son incompatibles coa percepción de calquera outra axuda pública para a mesma actuación.

2. O importe da subvención concedida non poderá ser, en ningún caso, de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade solicitante.

3. No caso de entidades solicitantes de subvención para accións recollidas no artigo 4.1.a) e 4.1.b) 1º que sexan perceptoras doutras axudas para a mesma finalidade concedidas por outra entidade, deberán acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

4. As subvencións para o funcionamento de centros e promoción de actividades reguladas nesta orde non son compatibles coa reserva de prazas efectuada entre a entidade solicitante e a Xunta de Galicia mediante calquera das modalidades de contratación administrativa nin coa existencia dun convenio de colaboración especificamente asinado para o mantemento de centros e subvención de actividades.

Artigo 7. *Iniciación*

1. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.es, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Documentación*

1. Con cada solicitude (anexo I) é obrigatoria a presentación da seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representatividade da persoa solicitante para actuar en nome da entidade para o caso de que esta se atribúa a persoa distinta á designada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais.

b) Declaración responsable asinada pola persoa representante legal da entidade na cal se exprese que a entidade está ao día nas obrigas tributarias e sociais e que non concorre ningunha das restantes circunstancias a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo I).

c) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actuación ou finalidade, das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, ou, se é caso, declaración de que non se solicitaron outras axudas ou subvencións (anexo I).

d) Copia do NIF da entidade no caso de que non autorice a súa verificación.

As entidades que solicitasen subvención no exercicio anterior quedarán exentas de presentar a documentación prevista nas alíneas a) e d), sempre que non se producisen modificacións no seu contido, circunstancia que será acreditada mediante certificación simple expedida pola persoa representante da entidade, onde se indicará a referencia administrativa do expediente onde consta a dita documentación.

e) Memoria da entidade (anexo II) que conteña os datos básicos de identificación e, como mínimo, as epígrafes sinaladas neste anexo.

2. Documentación específica para as subvencións de funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

Ficha de identificación do centro para o que se solicita a subvención (anexo IV), que incluirá os seguintes aspectos:

a) Identificación do centro e da persoa responsable.

b) Descrición das características técnicas do centro.

c) Servizos prestados e actividades ofertadas con carácter regular.

d) Capacidade e réxime económico aplicado ás persoas usuarias.

e) Cadro de persoal profesional e voluntario.

f) Número previsto de persoas usuarias.

A información mínima requirida no anexo IV poderá ser ampliada, por discreción da entidade solicitante, nunha memoria complementaria.

3. Documentación específica para as subvencións de promoción de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun programa innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios básicos, ou atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social, incluíndo aquela dirixida de xeito exclusivo á poboación inmigrante:

Unha ficha de descrición por cada actuación (anexo V). Esta/s ficha/s deberá/n conter como mínimo a información seguinte:

a) Identificación da entidade.

b) Denominación da actuación.

c) Xustificación da necesidade, obxectivos e descrición xeral da actuación que deberá estar adaptada ás persoas destinatarias, a cal deberá incorporar a perspectiva de xénero nos termos definidos no artigo 4.

d) Cooperación con outras entidades, se procede.

e) Descrición das instalacións e medios materiais e humanos que se van utilizar para garantir o axeitado desenvolvemento da actuación, especificando neste último caso a súa titulación e dedicación horaria á actuación para a que se solicita a subvención. Esta des-

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

crición deberase presentar desagregada, recollendo de xeito separado as actuacións previstas ata o 30 de novembro de 2015 e, se é o caso, ata o 31 de marzo de 2016, segundo o establecido no anexo V. No caso de formación práctica indicarase se o desenvolvemento precisa dun/ha monitor/a a cargo da entidade solicitante. No suposto de accións formativas que carrexen o compromiso de contratación ou de prácticas non laborais ao que se refire o artigo 12.3.a) achegarase documento acreditativo asinado pola empresa.

f) Cronograma da actuación: a descrición conterá o período temporal de desenvolvemento da actuación, con indicación do seu número total de horas e/ou, no caso de que sexa necesario pola súa natureza, días, semanas ou meses de execución efectiva. Nas actuacións de tipo formativo distinguirase o número de horas teóricas e prácticas e as unidades didácticas ou módulos nos que se divida, con expresión da duración de cada un deles.

g) Perfil, criterios de selección das persoas destinatarias e número previsto de persoas usuarias, para a actuación e para cada unha das súas fases. Indicarase, de ser o caso, a/s problemática/s específica/s das persoas usuarias. No caso de solicitudes tipo b) 2º e b) 3º este punto deberá axustarse ao establecido nos artigos 3.1 e 3.3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro.

h) Metodoloxía que se vai empregar no desenvolvemento da actuación, a cal deberá incorporar a perspectiva de xénero describindo os axustes que se introducirán en función dos roles diferentes que asumen homes e mulleres na sociedade e que poden condicionar o acceso e a calidade da súa participación.

A información mínima requirida no anexo V poderá ser ampliada, a discreción da entidade solicitante, nunha memoria complementaria.

4. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2. da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no artigo 22.3. do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4. da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar por parte da entidade solicitante de forma electrónica superase os tamaños límites establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, deberá mencionarse o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido na documentación complementaria para cada procedemento.

Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación. Se se desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizarse de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados. Neste caso deberá mencionarse o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

6. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluirán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público au-

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

tonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á entidade solicitante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, en cuxo caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente. Para o trámite de adxudicación, estas certificacións poderán ser substituídas por declaración responsable do órgano competente da entidade solicitante que se presentará xunto coa solicitude (anexo I).

4. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 10. *Instrución dos procedementos*

1. A instrución dos procedementos corresponde á Subdirección Xeral de Inclusión, Inmigración e Acción Social. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

2. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne ningún dos requisitos exixidos, o órgano instrutor requirirá as entidades interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixesen, teranse por desistidas da súa petición, logo da correspondente resolución.

Os citados requirimentos de emenda, de acordo cos artigos 59, 60 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, poderanse facer ben a través de notificación individualizada, ben mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou no portal de Benestar da Consellería de Traballo e Benestar (http://benestar.xunta), a cal producirá os mesmos efectos que a devandita notificación.

Sen prexuízo do anterior, a Subdirección Xeral de Inclusión, Inmigración e Acción Social poderá comunicar os requirimentos ao enderezo de correo electrónico, sempre que este se indique na solicitude, e entenderase cumprido este trámite coa realización da comunicación nun só intento. Esta comunicación non afectará o prazo establecido no parágrafo primeiro deste punto.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, regulada no artigo 11.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nesta orde ou na normativa de aplicación ou que non conteñan a documentación necesaria quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na cal se indicarán as causas desta. En todo caso, non se admitirán a trámite, procedéndose ao seu arquivo sen posibilidade de emenda, as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido.

Artigo 11. *Comisión de valoración*

1. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, crearase unha comisión de valoración que será o órgano colexiado encargado de realizar a selección das solicitudes para a realización das actuacións previstas no artigo 4 e de emitir o correspondente informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada, indicando a puntuación e a axuda aplicable en cada caso. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidente/a: a persoa titular da Subdirección Xeral de Inclusión, Inmigración e Acción Social.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

Vogais: a persoa titular da xefatura do Servizo de Inclusión e Acción Social, a persoa titular da Xefatura do Servizo de Prestacións e un/unha funcionario/a adscrito/a á Subdirección Xeral de Inclusión, Inmigración e Acción Social.

Secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a por proposta da persoa titular da Presidencia.

En caso de ausencia dalgún membro da comisión de valoración será substituído pola persoa designada polo/a presidente/a.

Na composición da comisión de valoración procurarase acadar una presenza equilibrada de homes e mulleres.

2. Para o exercicio das súas funcións, a comisión de valoración poderá solicitar informe á unidade administrativa con competencias en materia de autorización e inspección de servizos sociais acerca do grao de cumprimento da normativa en materia de inscrición de entidades e autorización dos centros e/ou programas de servizos sociais e tamén informes dos servizos técnicos pertinentes, tanto a nivel central como territorial, os cales non terán carácter preceptivo nin vinculante. Así mesmo, poderá requirir das entidades solicitantes das subvencións información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

3. Unha vez avaliados os expedientes e determinado o importe que lle correspondería a cada actuación, a comisión fixará o limiar mínimo de puntuación necesario para acadar axuda, tendo en conta o crédito orzamentario e a contía máxima de axuda por actuación establecida, e presentaralle ao órgano instrutor o informe dos resultados da avaliación efectuada.

4. Neste informe figurará de xeito individualizado a avaliación das solicitudes presentadas, especificándose o importe que lle correspondería a cada unha delas, segundo o establecido no punto anterior.

5. No caso de existiren solicitudes susceptibles de axuda pero que non se inclúen na proposta anterior por terse esgotado o crédito dispoñible, quedarán en reserva para seren atendidas, ben co crédito que quedase libre por producirse algunha renuncia ou por modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ou ben por incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención, de acordo co establecido no artigo 30.2 do

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado nesta base.

Artigo 12. *Procedemento de concesión*

1. O procedemento de concesión das subvencións para o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social, dado que pola súa natureza e finalidade non fai necesaria a comparación entre solicitudes e a súa posterior prelación, será o de concorrencia non competitiva, procedéndose, en virtude do previsto no artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao rateo entre as entidades beneficiarias da subvención dun crédito global de 2.000.000 euros, segundo a distribución anual establecida no artigo 2.1, consignado na partida orzamentaria 11.05.312A.481.3 para esta finalidade. O crédito restante dispoñible distribuirase entre as solicitudes para as actuación previstas no artigo 4.1.b) de xeito proporcional ao número de solicitudes de cada tipoloxía.

2. O procedemento de concesión das subvencións para actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun programa de carácter innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios básicos e para a atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social, incluíndo aquelas dirixidas de xeito exclusivo á poboación inmigrante, atenderá a un réxime de concorrencia competitiva.

De non esgotarse todo o crédito destinado a unha tipoloxía de actuación poderá ser utilizado no resto das tipoloxías previstas neste punto sempre que se respecten os principios de elixibilidade que establezan os fondos financiadores das ditas axudas.

3. Os criterios de valoración das actuacións previstas no punto anterior son os seguintes:

a) Obxectivos, necesidade social, e carácter innovador do programa: ata 60 puntos coa seguinte desagregación:

Presentación dun compromiso de contratación asinado por unha empresa: 20 puntos.

Acreditación documental de que a entidade solicitante é promotora ou traballa en coordinación cunha empresa de Inserción Laboral (EIL) debidamente inscrita no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción Laboral de Galicia: 15 puntos.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

Presentación dun compromiso de realización de prácticas non laborais asinado por unha empresa: 10 puntos.

Complementariedade con outros recursos do Sistema Galego de Servizos Sociais existentes no territorio: 10 puntos.

Grao de novidade respecto do resto de actuacións presentadas nesta convocatoria: 5 puntos.

b) Experiencia na realización de programas de inclusión sociolaboral para persoas en situación ou risco de exclusión social, reflectida na execución de programas e na memoria da entidade. Ata 10 puntos coa seguinte desagregación:

Experiencia da entidade no ámbito da inclusión social, considerada en función do número de anos que desde o actual leva dedicándose ininterrompidamente a este labor. Ata 4 puntos, 1 por ano:

Número de insercións laborais acadadas en 2014, ata 4 puntos:

Entre 1 e 5 insercións: 2 puntos.

Máis de 5 insercións: 4 puntos.

Colaboración coa Xunta de Galicia no desenvolvemento de programas: 2 puntos.

c) Actuacións integrais de carácter transversal en dous ou máis ámbitos da inclusión sociolaboral (educación e formación, inserción laboral, acción social, vivenda, sanidade). Ata 15 puntos coa seguinte desagregación:

Presentación de actuacións en dous ámbitos: 6 puntos.

Presentación de actuacións en tres ámbitos: 9 puntos.

Presentación de actuacións en catro ámbitos: 12 puntos.

Presentación de actuacións nos cinco ámbitos: 15 puntos.

d) Coordinación e cooperación acreditada cos servizos sociais, equipos de inclusión sociolaboral e outras entidades ou axentes sociais. Ata 10 puntos.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

Coordinación cos equipos de inclusión sociolaboral no marco do territorio atendido pola entidade: 4 puntos.

Coordinación cos servizos sociais comunitarios: 3.

Coordinación con outras entidades ou axentes sociais: 3.

e) Realización de actividades específicas de promoción da igualdade de xénero: ata 5 puntos.

A puntuación máxima será de 100 puntos.

Artigo 13. *Determinación do importe das subvencións*

1. Subvencións para o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social.

A determinación do importe das subvencións para o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social tomará como referencia o número de persoas que cada centro prevé atender, coa limitación do número de prazas para as que estea autorizado, e un importe unitario máximo de axuda por persoa atendida por día en función da tipoloxía de centro, do xeito seguinte:

a) Centros de acollida e inclusión: módulo de 6 € por cada persoa con atención básica por día e módulo de 40 € por cada persoa con atención especializada por día, establecéndose un límite máximo de 218.750 € por centro.

b) Centros de día de inclusión social: módulo de 3 € por cada persoa que se atenda e día, establecéndose un límite máximo de 50.000 € por centro.

c) Albergues: módulo de 5 € por cada persoa que se atenda e día, establecéndose un límite máximo de 50.000 € por centro.

d) Comedores sociais: módulo de 3 € por cada persoa que se atenda e día, establecéndose un límite máximo de 125.000 € por centro.

e) Centros de atención social continuada: módulo de 3 € por cada persoa que se atenda e día, establecéndose un límite máximo de 50.000 € por centro.

2. Subvencións para actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun programa de carácter innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

básicos ou para a atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social, incluíndo aquela dirixida de xeito exclusivo á poboación inmigrante.

Unha vez valoradas as solicitudes conforme os criterios establecidos no artigo 12.3, obterase unha relación ordenada que se empregará como listaxe para a asignación do crédito dispoñible na convocatoria, o cal se distribuirá segundo o establecido nos parágrafos seguintes:

a) Módulo de atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social (calculado sobre o custo directo de persoal máis un 20 % en concepto de gastos directos e indirectos derivados da actuación): 19,62 €/hora de traballo efectivo realizado por persoal técnico titulado cun máximo de 2.150 horas para o período subvencionable, que se corresponden coa dedicación dun/dunha profesional a xornada completa. Neste suposto será necesario acreditar un número mínimo de 50 persoas atendidas, das cales o 60 % deberán ter realizadas, polo menos, seis actuacións presenciais das recollidas no artigo 4.1.b) 2º 1ª. O número de persoas atendidas exixido minorarase proporcionalmente en función da dedicación horaria declarada.

Se as persoas atendidas son persoas sen fogar ou se atopan en situación de exclusión severa, circunstancia que se fará constar no momento da solicitude, exixirase para unha dedicación a xornada completa a atención de 19 persoas que deberán ter realizadas, polo menos, seis actuacións presenciais das recollidas no artigo 4.1.b) 2º 1ª.

A atención a que fai referencia este módulo desenvolverase a través de itinerarios de inclusión sociolaboral con acompañamento.

b) Módulo de accións formativas laborais teóricas/prácticas, sempre que comporten a presenza de monitorado para o seu desenvolvemento: 4,5 €/hora/participante, agás en accións formativas que precisen para o seu desenvolvemento dun equipamento especial, caso no que acadará un importe de 6,75 €/hora/participante. Para a apreciación deste extremo será competente a comisión de valoración de solicitudes prevista no artigo 11.1., a cal recoñecerá esta circunstancia unicamente en caso de imprescindible utilización dos ditos equipamentos no desenvolvemento do curso. Este extremo deberá constar claramente na solicitude de subvención formulada pola entidade. Incluiranse nas accións formativas laborais as que teñan a finalidade de adquirir as competencias clave, a formación lingüística, e a formación nos valores e características da sociedade de acollida dirixida a persoas inmigrantes.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

Os importes establecidos corresponderán integramente, ata un límite de 16.000 euros por acción formativa, cando teñan dereito a certificación acreditativa da súa realización un mínimo de cinco participantes.

c) Módulo de formación práctica non laboral en dependencias dunha empresa: 3 €/hora/participante.

d) Módulo de bolsas por asistencia ás accións formativas recollidas na letra b): 4,5 €/ día de asistencia/participante cun importe máximo do 20 % do importe total da acción formativa.

Este módulo en ningún caso será de aplicación ás persoas participantes titulares dunha renda de inclusión de Galicia que inclúa ese complemento nas datas de realización da actuación formativa.

e) Módulo de formación teórica adaptada dirixida á adquisición do permiso de condución tipo B ou C: 4,5 €/hora/participante. Será condición indispensable para o seu financiamento que a persoa estea recibindo atención para a inclusión sociolaboral financiada por esta convocatoria e que esta formación estea incluída no proxecto de inclusión sociolaboral da persoa que a reciba.

As persoas asistentes a esta formación poderán recibir unha axuda no caso de que sexa preciso o desprazamento urbano ou interurbano por lonxanía desde o domicilio ou inexistencia do recurso no seu municipio de residencia, extremos que deberán acreditarse. Para estes desprazamentos usarase o transporte público, sendo posible usar un vehículo particular unicamente se aquel non existe ou ten un horario irregular que non permite compatibilizalo coa acción formativa, circunstancia que será apreciada pola comisión de valoración de solicitudes prevista no artigo 11.1.

As contías destas axudas serán as seguintes:

Transporte público urbano: 1,5 €/día de asistencia.

Transporte público interurbano: o custo real do desprazamento.

Vehículo particular: 0,19 €/km.

f) Módulo de medidas de apoio á conciliación: 9,77 €/hora e persoa usuaria. Adicionalmente no suposto de que sexa necesario o desprazamento ao domicilio da persoa á que se

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

lle vai prestar o servizo pagarase 1,5 €/día de asistencia en caso de utilización de transporte público urbano, o custo real do desprazamento se se usa transporte público interurbano e a 0,19 €/km se se utiliza un vehículo particular.

g) Módulo de dinamización en territorios en exclusión severa: 4,5 €/hora/participante para a actividade acreditada.

h) Módulo de accións informativas: 5 € por persoa/ano en cada actuación, tendo en conta, se é o caso, a proporcionalidade da dita contía no ano 2016.

i) Módulo de asistencia para cubrir necesidades básicas: 10 € por persoa/ano en cada actuación, tendo en conta, no seu caso, a proporcionalidade da dita contía no ano 2016.

Os módulos descritos nas letras h) e i) non estarán cofinanciados con FSE.

A contía máxima de axuda por actuación establécese nun importe de 41.300 €, salvo no caso de axudas para accións formativas teórico-prácticas que poderán ter un importe máximo de 16.000 € máis o importe que lle puidese corresponder en concepto de bolsa, o cal non poderá superar 20 % do importe total da acción formativa.

A Subdirección Xeral de Inclusión, Inmigración e Acción Social supervisará a realización de todas as actuacións previstas e poderá requirir á entidade solicitante a súa modificación se conteñen duplicidades ou contradicións que afecten a correcta xustificación das axudas.

Artigo 14. *Resolución*

1. A concesión das subvencións obxecto desta orde será resolta pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, que resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, por proposta do órgano instrutor e unha vez fiscalizada a proposta pola intervención delegada. Poderá concederse subvención a máis dunha actuación dunha mesma entidade.

2. As resolucións recaídas serán motivadas e notificaranse ás entidades interesadas no prazo máximo de cinco meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde. Se vencese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, entenderase desestimada.

3. Unha vez recibida a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez días a súa aceptación, comprometéndose a executar o

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

programa ou actuación subvencionado no prazo e condicións establecidos na convocatoria. No caso de non comunicar o dito extremo no prazo indicado entenderase tacitamente aceptada.

4. En aplicación do artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actuacións recollidas no artigo 4.1.b) e o importe da axuda da proposta de resolución sexa inferior ao que figura na solicitude, poderase instar a entidade beneficiaria a que, nun prazo de dez días, reformule a solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención proposta e/ou formule as alegacións que estime pertinentes. En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos e que deron lugar ao seu outorgamento. Así mesmo, a dita reformulación non poderá comprometer a viabilidade do programa polo que se deberán manter os gastos necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

Artigo 15. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro da presente orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a súa notificación, se esta fose expresa, ou seis meses a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.

Artigo 16. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da subvención a instancia da entidade beneficiaria, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

3. Serán de aplicación aos beneficiarios e beneficiarias das subvencións recollidas na presente orde, o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17. *Obrigas das entidades subvencionadas*

As entidades que sexan subvencionadas deberán:

a) Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano concedente. Así mesmo, e no caso de que a axuda concedida sexa financiada polo Fondo Social Europeo (FSE), deberá manter de forma separada na contabilidade o ingreso da axuda percibida e conservar toda a documentación relativa á subvención durante un período de tres anos que se contará a partir do 31 de decembro seguinte á presentación destas contas perante á Comisión Europea, data esta que se publicará oportunamente no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información relativos aos programas e actuacións concedidos, a condición de subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar e o Fondo Social Europeo 2014/2020, segundo o establecido no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello. En particular, as accións de información e comunicación contarán co emblema da Unión Europea e coa referencia ao Fondo Social Europeo e nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

c) Informar, se é o caso, as persoas destinatarias de que as actuacións nas que participan están financiadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar) e polo FSE, así como dos obxectivos dos fondos, figurando os emblemas como mínimo nos partes de asistencia/participación, enquisas de avaliación ou certificados de asistencia.

d) Adecuar a metodoloxía das actuacións, así como a de recollida e proceso de datos de seguimento e acreditación da realización da actividade de persoas beneficiadas ás fórmulas que, se é o caso, propoña a Consellería de Traballo e Benestar e, se así é requirido, incorporarse como usuarias da aplicación informática deseñada e implantada para a xes-

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

tión da Estratexia de inclusión social de Galicia. Para estes efectos, a Consellería de Traballo e Benestar asignaralle á entidade beneficiaria un equipo de inclusión sociolaboral de referencia. Así mesmo, deberán realizar as actuacións precisas para recoller información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de execución e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao FSE. Para estes efectos, seranlles facilitados os oportunos cuestionarios que terán que devolver cubertos respectando o principio de integridade dos datos.

e) Axustarse na execución das accións aos obxectivos que no seu caso estableza a Consellería de Traballo e Benestar a través da Dirección Xeral de Familia e Inclusión. En particular, e coa periodicidade coa que sexa requirida, deberá comunicar á Dirección Xeral de Familia e Inclusión o cumprimento das accións subvencionadas polas persoas beneficiarias, comunicación na que se farán constar, como mínimo, os datos de identificación destas persoas e o grao de cumprimento das accións. En particular e con respecto ás persoas participantes, recabará información sobre a súa integración nos sistemas de educación ou formación, sobre a obtención dunha cualificación ou dun emprego, incluído por conta propia. Para a acreditación deste extremo, a entidade deberá recabar e/ou custodiar unha declaración das persoas participantes ou outra documentación análoga que lle permita responsabilizarse da súa declaración conxunta perante a Dirección Xeral de Familia e Inclusión. Esta mesma obriga contraerase cos servizos sociais comunitarios de referencia da persoa participante, cando sexa solicitado para o seguimento da súa intervención social.

f) Cumprir a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en concreto, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e mais o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal. Os datos de carácter persoal das persoas beneficiarias incorporaranse ao ficheiro de datos de carácter persoal Xestión de Servizos Sociais, creado pola Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería. En todo caso, deberá constar necesariamente a autorización expresa da persoa usuaria para o tratamento e comunicación dos seus datos de carácter persoal, sendo a entidade a responsable de recadar e custodiar a dita documentación.

g) Remitir de cada actuación que desenvolva, como mínimo con catro días de antelación ao seu comezo, o lugar, data de inicio e de remate, horario e contidos. No caso da atención

comprendida no artigo 4.1.b) 2º e 4.1.b) 3º a entidade beneficiaria deberá comunicar o horario de atención dentro do prazo de aceptación da subvención establecido no artigo 14.3. Todas estas comunicacións deberán realizarse sucesivamente no suposto de que se produzan modificacións.

h) Controlar a asistencia ás accións formativas e garantir que as persoas propostas para certificación acreditativa da realización dunha acción deste tipo teñan asistido como mínimo ao 80 % do total das súas horas.

i) Solicitar, de ser o caso, á Dirección Xeral de Familia e Inclusión a autorización das modificacións que afecten as actuacións subvencionadas cunha antelación de cinco días á data na que se produzan.

j) Remitir no prazo de dez días os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar.

k) Facilitar toda a información requirida pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión, polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 72, 73 e 74 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

l) Contratar un seguro de cobertura de accidentes para o alumnado ou participantes nas actuacións que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento das actividades como os dos desprazamentos para a asistencia a elas.

m) Todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e da súa normativa de desenvolvemento.

Os servizos da Consellería de Traballo e Benestar poderán efectuar as comprobacións que consideren oportunas en canto ao cumprimento por parte das entidades de iniciativa social participantes dos requisitos exixidos pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e pola súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, poderán solicitar informes dos servizos da rede pública de servizos sociais en canto aos aspectos de complementariedade, oportunidade e eficacia dos servizos e actuacións das entidades solicitantes recollidos nesta orde.

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

Artigo 18. *Xustificación das subvencións*

1. A xustificación das actuacións recollidas no artigo 4.1. a) e 4.1. b) 1º realizarase pola modalidade de módulos conforme o establecido no artigo 44. b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 do xuño, de subvencións de Galicia.

2. As actuacións recollidas no artigo 4.1.b) 2º e 3º xustificaranse a través das modalidades de custos simplificados previstas nos artigos 67.1 b) e d) do Regulamento (UE) 1303/2013 e 14.2 do Regulamento (UE) 1304/2013. Excepciónase a axuda de transporte para o desprazamento interurbano recollida no artigo 13.2.e) e f) desta convocatoria, na que se reembolsará o custo real efectivamente incorrido e aboado, e que se xustificará a través da modalidade de conta xustificativa.

3. As entidades beneficiarias deberán xustificar cada anualidade de xeito independente. A xustificación correspondente a 2015 comprenderá as actuacións realizadas ata o 30 de novembro e presentarase con data límite do 4 de decembro de 2015, sempre que non se opoña ao que se estableza na orde da Consellería de Facenda que regule as operacións de cerramento do exercicio, mediante a presentación dun informe de seguimento integrado polos seguintes documentos:

a) No suposto de subvencións para o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social: solicitude de pagamento parcial, listaxe codificada de persoas usuarias por día á que se xuntará certificación acreditativa de que os datos que contén a dita listaxe se corresponden cos datos recollidos no libro de rexistro ou fichas en soporte papel do centro, anexo VII e anexo III. No caso de comedores, albergues e centros de día, a listaxe a que se refire este punto substituirase por unha relación do número de persoas que foron atendidas cada día acompañada de certificación acreditativa de que a dita relación se corresponde cos datos recollidos no libro de rexistro ou fichas en soporte papel do centro.

b) No suposto de subvencións de promoción de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios básicos, ou para a atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social, incluíndo aquela dirixida de xeito exclusivo á poboación inmigrante: solicitude de pagamento parcial; certificación das accións realizadas total ou parcialmente na anualidade 2015, anexo VII e anexo III.

No caso de tratarse de actuacións comprendidas no artigo 4.1.b) 1º remitirase ademais unha relación codificada de persoas usuarias salvo que se trate de accións informativas,

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

suposto no que será suficiente presentar unha certificación expedida pola persoa responsable da institución ou centro no que teña lugar a dita acción onde conste o número de persoas asistentes.

No caso de actuacións comprendidas no artigo 4.1.b) 2º e 4.1.b) 3º deberase remitir así mesmo o cuestionario de indicadores de execución integramente cuberto respecto das propias entidades e das persoas participantes nas actuacións. Igualmente, de non terse solicitado anticipo, deberase enviar xustificante de ter pagado á compañía aseguradora a póliza do seguro de accidentes a que se refire a o artigo 17.l).

4. Para a xustificación final e coa finalidade de acreditar a realización total das actividades, así como o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar con data límite 15 de abril de 2016 a seguinte documentación relativa ás actuacións subvencionadas ata o 31 de marzo de 2016:

a) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con cuantificación e indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, asinada pola persoa responsable da entidade (anexo VI).

b) Declaración responsable asinada pola persoa representante da entidade na que se indique que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma (anexo III).

c) No caso de subvención para funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social haberá que aterse ao disposto no punto 3.a) no referente á listaxe e á certificación complementaria.

d) No caso de subvención de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun programa de carácter innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios básicos ou de atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social, incluíndo aquela dirixida de xeito exclusivo á poboación inmigrante:

1º De tratarse de atención dirixida a formentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo:

Follas mensuais comprensivas da totalidade das horas efectivamente dedicadas ao programa subvencionado asinadas polo traballador/a e a persoa responsable da entidade. Es-

CVE-DOG: itid2jx4-tjl2-4vf6-bl93-pc7yr7rvo499

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

tas follas acompañaranse dun resumo onde conste o número total de horas efectivamente dedicadas ao programa no período subvencionable.

Certificación do número total de persoas atendidas no período subvencionable xunto cunha relación asinada por cada participante acreditativa da atención recibida.

Folla de rexistro de actuacións dos e das participantes que realizaran un mínimo de seis actuacións das establecidas no artigo 4.1.b) 2º 1ª. Esta ficha, que está dispoñible a través da plataforma informática, deberá remitirse en formato PDF asinada tanto polo/a técnico/a responsable como polo/a participante.

Certificación de realización individualizada onde consten os resultados obtidos ata a data por cada participante que realizara un mínimo de seis actuacións das establecidas no artigo 4.1.b) 2º 1ª.

No caso de que esta atención se presatase a persoas sen fogar deberá achegarse ademais unha certificación asinada polos servizos sociais, acreditando a dita situación.

2º De tratarse de accións formativas de calquera dos tipos previstos:

Certificación de finalización da actividade subvencionada comprensiva da relación de persoas asistentes e do número total de horas realizadas por cada unha delas; no caso de que se tivera percibido a bolsa ou a axuda de desprazamento a que se refiren o artigo 5.1.d) e 5.1.e) respectivamente, farase tamén constar a súa necesidade, a contía percibida por cada persoa e o importe total percibido por ese concepto. Ademais no suposto de axudas de desprazamento remitirase documentación acreditativa do uso de transporte público interurbano ou certificado da persoa responsable da entidade acreditativo do uso dun vehículo particular.

Partes de asistencia onde conste o número de horas de formación, asinados pola persoa participante e o/a responsable/técnico/a da realización da actuación. Nos ditos partes deberase identificar de xeito veraz as persoas participantes e expresar as horas realizadas diariamente por cada unha delas. Os partes de asistencia a formación práctica non laboral en dependencias dunha empresa deberán conter ademais a sinatura do/a responsable na empresa.

No suposto de formación teórica adaptada dirixida á adquisición do permiso de condución tipo B ou C deberase remitir ademais a folla de rexistro de actuacións do proxecto de

